

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES) E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "POR UNHA ALIANZA NO O SECTOR INDUSTRIAL GALEGO".

REÚNENSE

Por unha banda, D^a. María Corina Porro Martínez, presidenta do CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES Galicia), con CIF núm. Q6550031F, actuando en nome e representación do dito organismo de acordo coa previsión establecida no art. 16 da Lei 6/1995, do 28 de xullo, en relación co art. 24 a) do Regulamento de réxime interno do CES Galicia.

E pola outra, D. Salustiano Mato de la Iglesia, Rector da UNIVERSIDADE DE VIGO (UVigo), con CIF núm. Q86500028, actuando en nome e representación da dita institución, en virtude de nomeamento efectuado polo Decreto 47/2014, de 24 de abril.

Ambas partes recoñécense, na representación que ostentan, capacidade para formalizar un convenio de colaboración e para tal efecto,

EXPOÑEN

1. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras Administracións Públicas, con outros entes de dereito público e con suxeitos de dereito privado para un fin común, ao abeiro do disposto nos art. 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.



2. Que o CES é un ente institucional de dereito público consultivo da Xunta de Galicia en materia económica e social, cuxa finalidade primordial é facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia. Na súa norma de creación, a Lei 6/1995, do 28 de xullo, ten atribuídas, entre outras competencias, a de elaborar por propia iniciativa ou por solicitude da Xunta de Galicia, informes ou estudos sobre as reformas que se estimen necesarias para favorecer o desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade.

3. Que a UVigo, é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Nese ámbito a UVigo leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que ten entre os seus fins o de contribuír á profundización no coñecemento científico en xeral e, en particular, no eido industrial, fiscal e financeiro. Segundo os Estatutos da UVigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, entre as que se atopa o apoio científico e técnico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta, a Universidade propiciará o establecemento de relacións con organizacións, empresas e Administracións Públicas, en particular coas de carácter científico, social e tecnolóxico en prol da transferencia de coñecementos ao tecido empresarial.

4. Que o CES considera que nunha era de intenso cambio tecnolóxico e globalización económica, o sector manufactureiro galego está sufrindo fortes presións de grande impacto na súa capacidade para xerar valor e emprego. Esta dinámica está xerando importantes prexuízos no efecto que tradicionalmente ten o sector manufactureiro sobre o crecemento da nosa economía.

Neste contexto, o CES, como o mais xenuíno foro representativo dos intereses económicos e sociais de Galicia, decidiu liderar unha iniciativa, denominada “POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”, que busca canalizar e intensificar a capacidade de interlocución dos axentes sociais galegos para cooperar no desenvolvemento dunha política industrial de longo prazo que asegure un crecemento económico inclusivo no que participan e do que se

benefician amplos segmentos da sociedade sen comprometer a capacidade de xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades.

Pola súa parte a UVigo, en coincidencia de diagnóstico sobre o sector industrial e a problemática que lle afecta, desexa realizar a súa contribución a esta iniciativa, no entendemento de que a investigación no ámbito deste sector reviste unha especial transcendencia pola súa directa vinculación co desenvolvemento da actividade económica, polo que se considera prioritaria como motor do progreso económico e social de Galicia, en tanto que constitúe investigación aplicada con incidencia real na seguridade e no desenvolvemento do sector industrial.

Neste senso, o Departamento de Organización de Empresas da UVigo e os membros do grupo de investigación de REDE (Research in Energy, Innovation and the Environment), dispón dun persoal técnico altamente cualificado que ven desenvolvendo durante os últimos anos liñas de investigación, análise e divulgación neste eido. Ambos os dous núcleos de coñecemento representan un dos pilares fundamentais que sustentan a Agrupación Estratéxica ECOBAS, formada na actualidade por investigadores da Universidade de Vigo e da Universidade da Coruña e na que está previsto incorporar tamén nun futuro próximo á Universidade de Santiago .

Dado que o obxecto do traballo que está realizando a universidade é de grande interese para o coñecemento e dinamización do sector industrial galego, considérase procedente promover á UVigo e apoiala financeiramente co fin de participar activamente nas actividades encamiñadas a mellorar as estruturas e funcionamentos estratéxicos dos diferentes axentes que participan na actividade económica industrial galega.

Por todo o exposto, as partes comparecentes propóñense celebrar o presente convenio con arranxo ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto do convenio

A través do presente Convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre CES e a UVigo para o desenvolvemento de actividades dirixidas á dinamización do sector industrial galego.

As ditas actividades que se desenvolverán baixo a denominación común de “POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”, consistirán na realización de reunións cos diferentes axentes económicos, empresas, sindicatos, federacións e administracións públicas, realización de enquisas entre distintos sectores concernidos e organización de xornadas de estudo e debate, para, finalmente, a partir das diagnoses, análises e indicadores que se poidan realizar sobre a situación actual do sector industrial, establecer cales poderían ser as áreas de maior interese potencial en canto á estratexia e o seu seguimento.

O CES e a UVigo trasladarán tanto aos responsables gobernamentais como aos sectores económicos e sociais, en xeral, os resultados de todos os traballos que o seu esforzo conxunto xere, a modo de diagnoses e propostas xenéricas que sirvan como elemento para a toma de decisións futuras no ámbito do sector industrial galego.

Segunda. Contribución da UVigo

A Universidade de Vigo asume en virtude deste convenio, en xeral, a obriga de executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e a de cumprir todas as condicións recollidas nel. En particular, comprométese a levar a cabo as seguintes accións:



- 1.- Poñer a disposición das partes as dependencias e demais infraestrutura universitaria que sexan necesarias para a realización da actividade investigadora obxecto deste convenio.
- 2.- Contribuír cos medios persoais propios necesarios para a consecución dos obxectivos do convenio.
- 3.- Realizar as enquisas que se consideren precisas entre sectores económicos e sociais concernidos pola problemática do sector industrial
- 3.- Entregarlle ao CES unha memoria final sobre as actividades realizadas e as conclusións das mesmas e permitirlle unha participación activa nos temas obxecto de análise e estudo.
- 4.- Facer mención do CES en todas as actividades que se realicen: en conferencias e seminarios, nas publicacións de documentos e informes así coma na súa páxina web.

Terceira. Contribución do CES

O CES, a través da súa Secretaría Xeral coordinará as actuacións obxecto deste convenio.

Engadidamente, o Pleno do CES, tal e como lle compete por lei de creación, será o órgano encargado da aprobación dos resultados finais do proxecto.

A Comisión Permanente do CES Galicia, supervisará que o desenvolvemento do proxecto estea en consonancia coas liñas directrices previamente aprobadas. Prestará tanto á Comisión Sectorial 3 como aos Coordinadores dos Grupos de Traballo apoio loxístico, instalacións e soporte *back office* (organización de reunións, redacción de actas, etc.), sempre nas condicións acordadas con cada participante no proxecto.

A Comisión sectorial de desenvolvemento rexional número 3 do CES Galicia, aprobará os resultados dos traballos efectuados pola UVigo, supervisará o desenvolvemento xeral do proxecto (seguimento e control) e será o contacto coa Comisión Permanente do CES.



Así mesmo o CES organizará en coordinación coa UVigo todos os eventos que discorran en paralelo á realización do informe sobre o sector industrial galego. Así, organizará as reunións con expertos, as reunións dos grupos técnicos de traballo e seminarios, xornadas de estudo e cantos eventos sexan precisos para a consecución do informe final, dispoñendo tamén para iso das súas instalacións.

Cuarta. Valoración económica da contribución das partes asinantes do acordo

No ano 2017, o custo estimado valor/hora do grupo de traballo da UVigo que participa no desenvolvemento do proxecto é o seguinte:

Persoal docente investigador	custo/hora	horas dedicadas	Importe
Investigador principal do proxecto	42,36	300	12.708,00 €
Investigador/a docente	30,2	1100	33.220,00 €
Outro persoal a contratar para o mantemento do proxecto	17,9	300	5.370,00 €
TOTAL			51.298,00 €

En consecuencia, a aportación económica da Universidade de Vigo, estimada no modo que quedou expresado, supón un total de cincuenta e un mil douscentos noventa e oito mil euros (51.298,00) euros

Pola súa parte o CES comprométese a colaborar nas actuacións propias do presente convenio cunha achega económica por importe de trinta e cinco mil euros (35.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06.B1.611A.640 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Do total previsto como aportación do CES, 5.000 euros destinaráanse a financiar as xornadas de estudo e debate que se celebren con ocasión da elaboración do informe, e os 30.000 euros restantes investiránse na elaboración do propio informe.

Tendo en conta que tanto o CES como a UVigo, por ser entidades públicas, carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, a contribución económica do CES de 30.000 euros, anteriormente referida, corresponde a unha compensación parcial polos gastos que terá que soportar a UVigo no desenvolvemento do obxecto do convenio, no xeito anteriormente especificado e que se sinala tamén na memoria xustificativa que forma parte integrante do expediente administrativo tramitado.

Dita achega do CES será aboada logo da entrega por parte da UVigo da memoria ou informe final recollida na cláusula primeira do convenio. Esta memoria recollerá ademais todas as actividades realizadas, así como un certificado no que conste o importe total gastado nas actividades obxecto do presente convenio.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes asinantes poida destinala a obxecto distinto.

Quinta.- Exoneración de responsabilidade

A subscrición deste convenio non xerará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades obxecto deste acordo, de xeito que non se lle poderá esixir ao CES ningunha responsabilidade nin directa nin indirecta nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

A participación dos investigadores da Universidade de Vigo nas actividades mencionadas no presente convenio efectuarase no marco da Lei orgánica da Universidades 6/2001 e conforme á regulamentación vixente propia da Universidade de Vigo e recollida nos seus Estatutos, así como de acordo coa



normativa vixente en materia de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Sexta.- Publicidade do convenio

A UVigo está informada de que o convenio, unha vez asinado, debe inscribirse no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Por outra parte e de conformidade co previsto na cláusula segunda, A Universidade deberá dar axeitada publicidade da participación do CES. Así mesmo, en todo o material que se utilice e se reparta con motivo dos eventos e das actividades que se realicen ao amparo do convenio, deberá facerse constar a colaboración deste organismo.

Sétima.- Vixencia e prórroga

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de maio de 2018 agás que sexa resolto con anterioridade por algunha das causas sinaladas na cláusula novena.

O convenio poderá prorrogarse, chegado o caso, polo tempo estritamente necesario para rematar os traballos e actividades obxecto do convenio, logo do acordo entre ambas as dúas partes e antes da finalización do seu período de vixencia.

Oitava. Extinción do convenio

Serán causas de resolución do convenio as previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Novena.- Comisión de seguimento



Para facer efectiva a colaboración regulada neste convenio, e para realizar o seguimento da súa execución, constituirase unha comisión de control integrada por membros de cada unha das partes asinantes.

Décima.- Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e os seus efectos rexeranse polas súas propias cláusulas.

O presente convenio atópase suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares. Así mesmo, está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude do establecido no seu artigo 4.1.c). Iso sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

Décimo primeira.- Interpretación e resolución de controversias

As controversias sobre a interpretación e execución deste convenio de colaboración serán resoltas de mutuo acordo entre as partes, na comisión de seguimento prevista neste convenio. Se non se acadara o acordo, as posibles controversias deberán ser resoltas na vía administrativa segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e, de continuar o desacordo, na forma prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Tendo lido o presente documento, e en proba de conformidade, asínase polas partes, en cuadruplicado exemplar, en Santiago de Compostela, a 26 de xullo de 2017.

D^a. Corina Porro Martínez

D. Salustiano Mato de la Iglesia

Presidenta do CES-Galicia

Reitor Magnífico da UVigo



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”.

De conformidade co establecido no artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, nesta memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre o Consello Económico e Social de Galicia e a Universidade de Vigo para a realización do proxecto “Por unha alianza no sector industrial galego” analízase a necesidade e oportunidade da celebración do dito convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión así como o cumprimento do previsto na dita lei.

ANTECEDENTES

O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (en adiante CES Galicia) é un ente institucional de dereito público consultivo da Xunta de Galicia en materia económica e social, cuxa finalidade primordial é facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia. Na súa norma de creación, a Lei 6/1995, do 28 de xullo, ten atribuídas, entre outras competencias, a de elaborar por propia iniciativa ou por solicitude da Xunta de Galicia, informes ou estudos sobre as reformas que se estimen necesarias para favorecer o desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade.

A UNIVERSIDADE DE VIGO (en adiante UVigo) é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Nese ámbito a UVigo leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que ten entre os seus fins o de contribuír á profundización no coñecemento científico en xeral e, en particular, no eido industrial, fiscal e financeiro. Segundo os Estatutos da UVigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, entre as que se atopa o apoio científico e técnico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta, a Universidade propiciará o establecemento de relacións con

organizacións, empresas e Administracións Públicas, en particular coas de carácter científico, social e tecnolóxico en prol da transferencia de coñecementos ao tecido empresarial.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE

O CES considera que nunha era de intenso cambio tecnolóxico e globalización económica, o sector manufactureiro galego está sufrindo fortes presións de grande impacto na súa capacidade para xerar valor e emprego. Esta dinámica está xerando importantes prexuízos no efecto que tradicionalmente ten o sector manufactureiro sobre o crecemento da nosa economía.

Neste contexto, o CES, como o mais xenuíno foro representativo dos intereses económicos e sociais de Galicia, decidiu liderar unha iniciativa, denominada “POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”, que busca canalizar e intensificar a capacidade de interlocución dos axentes sociais galegos para cooperar no desenvolvemento dunha política industrial de longo prazo que asegure un crecemento económico inclusivo no que participan e do que se benefician amplos segmentos da sociedade sen comprometer a capacidade de xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades.

Pola súa parte a UVigo, en coincidencia de diagnóstico sobre o sector industrial e a problemática que lle afecta, desexa realizar a súa contribución a esta iniciativa, no entendemento de que a investigación no ámbito deste sector reviste unha especial transcendencia pola súa directa vinculación co desenvolvemento da actividade económica, polo que se considera prioritaria como motor do progreso económico e social de Galicia, en tanto que constitúe investigación aplicada con incidencia real na seguridade e no desenvolvemento do sector industrial.

Neste senso, o Departamento de Organización de Empresas da UVigo e os membros do grupo de investigación de REDE (Research in Energy, Innovation and the Environment), dispoñen dun persoal técnico altamente cualificado que ven desenvolvendo durante os últimos anos liñas de investigación, análise e divulgación neste eido. Ambos os dous núcleos de coñecemento representan un dos pilares fundamentais que sustentan a Agrupación Estratéxica ECOBAS, formada na actualidade por investigadores da

Universidade de Vigo e da Universidade da Coruña e na que está previsto incorporar tamén nun futuro próximo á Universidade de Santiago .

Dado que o obxecto do traballo que está realizando a universidade é de grande interese para o coñecemento e dinamización do sector industrial galego, considérase procedente promover á UVigo e apoiala financeiramente co fin de participar activamente nas actividades previstas polo CES encamiñadas a mellorar as estruturas e funcionamentos estratéxicos dos diferentes axentes que participan na actividade económica industrial galega.

CARÁCTER NON CONTRACTUAL DA ACTIVIDADE

Partindo das razóns de oportunidade e necesidade anteriormente expostas pode apreciarse a concorrencia de actuacións tendentes á consecución dun fin común: o sector industrial galego, dada a súa problemática, xa descrita, precisa de accións que en liña cos obxectivos marcados pola política industrial de la Unión Europea, incrementen a súa competitividade para que poda manter o seu papel impulsor do crecemento sostible e do emprego.

As institucións asinantes do acordo coinciden así no seu propósito de encontrar, a través do potencial representativo e investigador que unha e outra posúen, unha estratexia para impulsar o citado sector, de acordo coas actuacións que se especifican nesta memoria.

Por outra parte, as achegas que a Administración efectúa en execución do convenio non se dirixen a retribuír á outra parte, senón a posibilitar a acción conveniada. Cómpre ter en conta que o CES e a UVigo como entidades públicas que son carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución dineraria responde a unha compensación polos gastos que terá que soportar a UVigo no desenvolvemento do obxecto do acordo, no xeito que se especifica na memoria económica que se xunta como anexo.

Non obstante, e tal e como se indica no clausulado do convenio, sen prexuízo de estar excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público,

aplicaranse os seus principios e criterios para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

CUMPRIMENTO DO PREVISTO NA LEI 40/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DE RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

Na redacción deste convenio tívose en conta o previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, en particular, o disposto no Capítulo VI rubricado “Dos convenios” do Título Preliminar, artigos 47 a 53.

Este convenio, de acordo co establecido no artigo 48 da dita Lei 40/2015, de 1 de outubro, mellora a eficiencia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuindo á realización de actividades de utilidade pública. Así mesmo, as partes asinantes teñen capacidade para financiar os compromisos asumidos, non sendo as achegas financeiras comprometidas superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

AS ACTIVIDADES E A ORGANIZACIÓN OPERATIVA DO PROXECTO

Áreas obxecto do informe final

O documento que constitúe o obxectivo final do proxecto estruturase en varias áreas de intervención:

1. Regulación das condicións marco
 - a. Entorno de negocios: apertura de empresas, obtención de permisos de construción, conexión de electricidade, rexistro de propiedades, comercio transfronteirizo
 - b. Problemas de competencia e crecemento empresarial
 - c. Eficiencia e calidade do sistema xudicial mercantil e laboral
 - d. Emisións á atmosfera e consumo de recursos
 - e. Avaliación ex post de cambios regulatorios e políticas
2. Factores territoriais de competitividade
 - a. Chan industrial
 - b. Condicionamentos loxísticos

- c. Infraestruturas físicas e TICs
- d. Custo e calidade da subministración enerxética, descarbonización, desmaterialización, redución e tratamento de refugallo
- 3. Capital humano
 - a. Formación e distribución das habilidades cognitivas e non cognitivas
 - b. Demanda de cualificacións e formación para a industrialización e a profesionalización da xestión
 - c. Fórmulas de contratación, organización e negociación colectiva
 - d. Atracción e retención de talento
- 4. Investigación e innovación
 - a. Identificación de fallos de mercado para o estímulo da I+D
 - b. Fontes de aprendizaxe para a innovación en produto e proceso
 - c. Innovación en modelos de negocio: cambios necesarios na proposición de valor, xestión das operacións, clientes obxectivo e internacionalización
 - d. Busca de emprendedores, especialización e coordinación
 - e. Industria 4.0: retos técnicos e implicacións organizativas e laborais
- 5. Investimento e atracción/retención de capitais
 - a. Dimensión, acceso ao financiamento e estrutura de capital
 - b. Apertura comercial, fluxos e stocks nos mercados de capitais
 - c. Captación de investimentos internacionais
 - d. Retención da actividade industrial “relocalizable”

Completa o documento unha proposta de liñas de actuación e medios de seguimento:

- 6. Intervencións por área de traballo de acordo co seguinte esquema:
 - a. Marco estratéxico de actuación
 - b. Descrición de actuación
 - c. Organismo executor e potenciais axentes implicados
 - d. Beneficiarios da actuación
 - e. Resultados agardados
- 7. Indicadores de control e seguimento

Estrutura de xestión do proxecto

A estrutura organizativa e de Xestión do proxecto sustentárase en base ao seguinte esquema:

O Pleno do CES: tal e como lle compete por lei de creación, será o órgano encargado da aprobación dos resultados finais do proxecto

A Comisión Permanente do CES Galicia (CP): supervisará que o desenvolvemento do proxecto estea en consonancia coas liñas directrices previamente aprobadas. Prestará tanto á CS3 como aos Coordinadores de Grupo (CG's) apoio loxístico, instalacións e soporte *back office* (organización de reunións, redacción de actas, etc.), sempre nas condicións acordadas con cada participante no proxecto.

A Comisión sectorial de desenvolvemento rexional número 3 do CES Galicia (CS3): encargárase da diagnose inicial xenérica, supervisará o desenvolvemento xeral do proxecto (seguimento e control) e será o contacto coa CP. Unha vez os CG's finalicen os resultados por cada Grupo de Traballo, será tamén o responsable do entrega final do proxecto.

Grupos de Traballo (GT): os integrantes de cada Grupo de Traballo asistirán ás reunións aportando aquela información que sexa solicitada polos CG's ou pola CS3

Coordinadores de Grupo de Traballo (CG's): Encargaranse da execución do proxecto dentro de cada grupo de traballo, sendo os responsables da calidade, contido e prazos dos entregables finais por grupo.

Grupos de Traballo

Os grupos de traballo estarán integrados por especialistas nas distintas áreas, todos eles representantes de colectivos ou grupos económicos e sociais galegos concernidos polo proxecto.

Baixo ditas premisas constituiranse os seguintes grupos de traballo:

Grupo 1. Regulación e políticas das condicións marco

Creación de empresas, chan industrial, competencia, demanda pública.

Grupo 2. Capital humano

Educación: dende Pisa ao Ensino Superior, demanda de cualificacións e formación para a industrialización; Negociación colectiva; Atracción e retención de talento.

Grupo 3. Modernización tecnolóxica

Oportunidades, mercados interiores, despregue intelixente da man da organización.

Grupo 4. Innovación en modelos de negocio

Proposición de valor, cadea de subministro, clientes obxectivo (internacionalización incluída).

Grupo 5. Investimento e atracción/retención de capitais

Acceso ao financiamento e aos mercados de capitais; Estratexia de captación de investimento internacional; Iniciativas para reter a actividade industrial “máis relocizable”.

Grupo 6. Enerxía e medio ambiente

Intensidade enerxética e descarbonización; Eficiencia no uso dos recursos e desmaterialización; Redución e tratamento de refugалlos; adaptación ao cambio climático pola vía da demanda.

Eventos vinculados ao proxecto

Así mesmo o CES organizará en coordinación coa UVigo todos os eventos que discorran en paralelo á realización do informe e ante todo deben servir para aportar elementos para o debate e resultados finais do proxecto.

Así, poderánse organizar seminarios, xornadas de estudo e cantos eventos desta natureza sexan precisos para levar a bo termo o informe final.

MEMORIA ECONÓMICA DO PROXECTO

Valoración económica da contribución da UVigo

No ano 2017, o custo estimado valor/hora do grupo de traballo da UVigo que participa no desenvolvemento do proxecto é o seguinte:

Persoaldocenteinvestigador	custo/hora	horas dedicadas	Importe
Investigador principal do proxecto	42,36	500	21.180,00 €
Investigador/a docente	30,2	1300	39.260,00 €
Outro persoal a contratar para o mantemento do proxecto	17,9	300	5.370,00 €
TOTAL			65.810,00 €

Valoración económica da contribución do CES

O CES comprométese a colaborar nas actuacións propias do presente convenio cun achega económica por importe de trinta mil euros (30.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, importe que a Universidade deberá investir integramente na realización do obxecto deste convenio.

Tendo en conta que tanto o CES como a UVigo, por ser entidades públicas, carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, a contribución dineraria do CES responde a unha compensación parcial polos gastos que terá que soportar a UVigo no desenvolvemento do obxecto do convenio, no xeito anteriormente especificado.

A achega do CES será aboada logo da entrega por parte da UVigo do informe final recollido na cláusula primeira do convenio.

Con independencia diso a UVigo deberá presentar á finalización do prazo de vixencia do convenio unha memoria na que se recollerán todas as actividades pola súa parte realizadas, así como un certificado no que conste o importe total gastado nas actividades obxecto do presente convenio.


En conclusión, dado que a cantidade recibida pola Universidade de Vigo como compensación da súa achega é de 30.000 a súa contribución ao proxecto, pola súa equivalencia en horas de traballo, é de 35.810 €, o que asegura o equilibrio financeiro entre as achegas das partes.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes poida obter ningún lucro.

No caso de que a acreditación dos custos do convenio e, máis concretamente, a súa equivalencia en horas de dedicación ao proxecto, sexa inferior ao importe do convenio, as achegas dos diferentes cofinanciadores diminuiranse na mesma proporción.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017


O Secretario Xeral do CES



Juan José Gallego Fouz

Visto e prace

A Presidenta do CES



Corina Porro Martínez